

## **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

O Departamento de Lingua e Literatura ponse á disposición do alumnado coa materia pendente a través do profesorado de referencia do curso actual. O profesorado buscará o momento máis adecuado para atender o alumnado que o requira. O alumnado e familias deberán asinar un escrito mediante o que acreditan coñecer os requisitos para aprobar as materias pendentes.

Daráselle ao alumnado a posibilidade de optar pola entrega dun boletín de actividades en cada trimestre ou ben a realización dunha proba de avaliación global-final, que realizarán no mes de abril, alumando de 2º bacharelato, e no mes de maio, o alumando da ESO. O resultado figurará no Boletín de Cualificacións.

A entrega dos boletíns de traballo por parte do alumnado, deberá realizarse, como data límite, nas seguintes:

- O primeiro boletín de traballo: día 20 de novembro  
Alumnado da ESO: contidos dos temas 1 a 3  
Alumnado 2º bacharelato: contidos dos temas 1 a 5
- O segundo boletín de traballo: día 9 de febreiro  
Alumnado da ESO: contidos dos temas 4 a 6  
Alumnado 2º de Bacharelato: contidos dos temas 6 a 10
- O terceiro boletín de traballo: día 12 de abril  
Alumnado da ESO: contidos dos temas 7 a 9  
Alumnado 2º Bacharelato: contidos dos temas 10 a 15

Aquel alumnado que non cumpra coas entregas dos cadernos de traballo, ou a súa achega sexa insuficiente, deberá presentarse, no mes de abril (alumnado 2º bacharelato) ou maio (alumnado ESO), ao exame final global da materia pendente. As datas dos exames globais-finais están pendentes de confirmación por parte de Xefatura de estudos.



Coa finalidade de facilitar a continuidade no sistema educativo e o progreso no estudo, considérase que o alumnado que cumpra os **estándares de aprendizaxe avaliáveis imprescindibles** nestas datas, non teña que agardar máis e poida dedicarse a preparar as materias do curso actual. Tamén se terá en conta o **esforzo** na superación da materia pendente e o **progreso** da mesma materia no curso no que a/o alumna/o estea matriculada/o.

O Departamento entregarlle ao alumnado coa materia pendente, en setembro, a seguinte información e documentación:

- Criterios de avaliación de pendentes.
- Actividades de pendentes, boletíns coas actividades.
- Xustificante da recepción que deberá ser asinado polo alumnado coa materia pendente e polo pai, nai ou titor/a legal. O documento será o seguinte:



## DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Curso académico 2023-2024

O/A alumno/a \_\_\_\_\_ coa(s)  
materia(s) pendente(s) de \_\_\_\_\_ (nivel/ niveis) foi informado/a pola súa profesora actual  
\_\_\_\_\_, sobre os requisitos  
para aprobar a(s) materia(s) pendente(s).

Asinado:

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023

### XUSTIFICANTE DA RECEPCIÓN

O \_\_\_\_\_ pai/nai/ \_\_\_\_\_ titor/a \_\_\_\_\_ legal \_\_\_\_\_ do  
alumno/a \_\_\_\_\_ coñece  
os requisitos para aprobar a materia(s) pendente(s) de Lingua Galega e Literatura.

Asinado:

A Coruña, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2023